

ORDE do 18 de decembro de 2017 pola que se establecen as normas de aplicación do imposto compensatorio ambiental mineiro.

A Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, crea no capítulo III do seu título I, o imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM), tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter ambiental, orientado a compensar as externalidades negativas xeradas polas actividades de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos industriais e metais preciosos. O ICAM configúrase como un imposto ambiental finalista que pretende internalizar o custo do uso que do ambiente fai a actividade mineira que se desenvolve no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incentivar a aplicación das mellores técnicas, ferramentas e prácticas de xestión ambiental polo sector mineiro galego, promover a aceleración na restauración das superficies e solos afectados e promover a investigación e desenvolvemento de procesos mineiros máis eficientes desde o punto de vista ambiental. Constitúe o seu feito imponible, consonte co disposto no artigo 12.Un da lei 12/2014, a alteración da superficie ou solo como consecuencia da extracción a partir das concesións de explotación da sección C) nos termos da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, referidas a minerais metálicos industriais e metais preciosos, así como o depósito ou almacenamento en vertedoiros públicos ou privados, situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de residuos mineiros, procedentes da extracción ou derivados do proceso de beneficio, dos minerais metálicos industriais e de metais preciosos da sección C) nos termos da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas. Consonte co establecido no artigo 15.Un da lei 12/2014, son suxeitos pasivos do ICAM en calidade de contribuíntes as persoas físicas, xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT), que, baixo calquera título, realicen as actividades constitutivas do feito imponible do imposto, aínda cando non sexan titulares das concesións mineiras outorgadas para recursos minerais metálicos industriais e metais preciosos da sección C), ao abeiro da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación mineira de Galicia ou, de ser o caso, das autorizacións das instalacións de depósito ou almacenamento de residuos e o que realice a explotación do depósito ou almacén dos residuos mineiros. No caso de que o almacenamento de residuos proveña do tratamento de minerais extraídos noutra

explotación, mesmo fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será suxeito pasivo contribuínte o que realice a explotación do depósito ou almacén dos residuos mineiros. O período impositivo é o ano natural, segundo o establecido no artigo 13.Un da lei 12/2014. O imposto devíndicase o 31 de decembro de cada ano natural, agás no último ano de actividade que se producirá no día no que a autoridade competente recoñeza o cesamento da actividade ou clausura o almacén ou depósito de residuos, segundo corresponda ao feito imponible, tal e como dispón o artigo 13.Dous da lei 12/2014.

Consonte co artigo 19.Tres da lei, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación do ICAM por cada unha das concesións e por cada unha das instalacións receptoras de residuos mineiros que exploten, determinando a débeda tributaria correspondente e ingresando o seu importe, na forma, prazos e lugar, segundo os modelos e de conformidade coas instrucións que estableza a consellaría competente en materia de facenda mediante orde. Igualmente, os suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva por aplicación do tipo de gravame sobre a base imponible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refira o pagamento autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellaría competente en materia de facenda. O artigo 19.Dous da lei establece que a Administración establecerá un rexistro obrigatorio de concesións e de instalacións de depósito ou almacenamento de residuos obxecto de gravame e das características destas. A estrutura, contido e sede do rexistro, así como os procedementos para a súa formación e mantemento, determinaranse mediante orde da consellaría competente en materia de facenda.

Consonte coa disposición derradeira quinta da lei o ICAM esixírase respecto ás alteracións de superficie e solo e aos depósitos ou almacenamentos que teñan lugar ou se constitúan dende o 1 de xaneiro de 2015, establecendo a obriga de que os suxeitos pasivos declaren a superficie total afectada polas explotacións e instalacións, expresada en hectáreas ou fraccións de superficies alteradas e non restauradas, así como as toneladas depositadas ou almacenadas de residuos sólidos e/ou os metros

cúbicos de volume depositados ou almacenados de residuos non sólidos a 31 de decembro de 2014.

O artigo 18.Un da lei establece que a consellaría competente en materia de facenda aprobará as normas de aplicación do tributo e o artigo 19.Catro poderá dispor que as declaracións e autoliquidacións do ICAM se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatoriedade da súa presentación e o aboamento mediante medios telemáticos.

Pola súa parte o número dous da disposición derradeira cuarta da lei autoriza á consellería competente en materia de facenda a aprobar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do ICAM.

O ICAM rexerose pola lei da súa creación, polas normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento, así como polas disposicións xerais en materia tributaria, a LXT e os regulamentos que a desenvolven. O artigo 96 da LXT compele á administración tributaria a promover a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias. Así mesmo, cando sexa compatible cos medios técnicos de que dispoña a administración tributaria, os cidadáns poderán relacionarse con ela para exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigas mediante técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos coas garantías e requisitos previstos en cada procedemento. Do mesmo xeito, fíxanse os principais supostos nos que cabe a utilización destes medios, cunha ampla habilitación regulamentaria. O Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, contén as normas regulamentarias aplicables en materia de censos da administración tributaria, en materia de cumprimento de obrigas tributarias, incluídas as formais, en materia de principios, disposicións xerais e procedementos de aplicación dos tributos. En concreto, no seu título III contén as normas regulamentarias concernentes aos principios e disposicións xerais da aplicación dos tributos, e, destacadamente ao emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos das actuacións e procedementos

tributarios, e no seu Título IV contén, entre outras, as normas regulamentarias aplicables na presentación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e nas actuacións e procedementos de comprobación de obrigas tributarias principais, accesorias e formais. É destacable que no regulamento se faculta á persoa titular do ministerio competente en materia de facenda e aos órganos equivalentes das Comunidades Autónomas, que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é a persoa titular da consellería competente en materia de facenda, para que mediante orde, aprrobe modelos e sistemas normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria, os requisitos e condicións para a súa presentación, determine os supostos e condicións nos que os obrigados tributarios deberán presentar por medios electrónicos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con trascendencia tributaria e, dite as correspondentes normas de desenvolvemento aplicables ás actuacións e procedementos tributarios que se realicen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos e ás relacionadas cos medios de autenticación utilizados pola Administración tributaria. Do mesmo xeito, poderá aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración, autoliquidación ou comunicación de datos e os supostos nos que os datos consignados se entenderán subsistentes para períodos sucesivos, se o contribuínte non comunica variación neles.

As novas tecnoloxías aplicadas aos procedementos xestores de tributos son un instrumento idóneo para conxugar os principios de eficacia da administración tributaria e a limitación dos custos indirectos ao contribuínte e, nesta liña, a presentación electrónica de tributos ofrécelles a posibilidade de evitar desprazamentos ás oficinas xestoras ou ás entidades bancarias para a realización do pagamento, así como a presentación dos tributos fóra do horario normal de atención ao público. Ao mesmo tempo, a utilización dos programas que a administración tributaria implementa para a presentación electrónica dos tributos facilita cubrir os modelos, guiando ao contribuínte na introdución dos datos, evitando a reiteración destes e ofrecéndolle unha axuda en liña.

Baixo esta óptica, a consellería competente en materia de facenda ven

prestando unha especial atención ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para facilitar aos cidadáns o cumprimento voluntario das obrigas tributarias dende o ano 2003. A experiencia xestora no tratamento dos modelos presentados en papel e os presentados de forma electrónica poñen tamén de manifesto as vantaxes desta forma de pagamento e presentación fronte á outra. Por todo isto, e en uso da facultade xenérica de establecer a obrigatoriedade de comunicarse coas administracións públicas empregando exclusivamente medios electrónicos, cando os interesados teñan garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos, consonte co disposto na normativa en vigor na materia establécese, con carácter xeral, a obriga de cumprimentar as obrigas tributarias principais e accesorias contidas na normativa deste tributo de xeito electrónico.

Mediante esta orde, establécese a regulación aplicable ao cumprimento das obrigas tributarias concernentes ao ICAM consonte cos principios e disposicións xerais regulamentarias contidas na normativa xeral tributaria e apróbanse os modelos en formato electrónico de declaracións e de autoliquidacións do ICAM, normativa que será de aplicación para o cumprimento das obrigas tributarias devindicadas dende o 1 de xaneiro de 2015, data na que entrou en vigor a lei 12/2014.

Así en virtude do exposto, de acordo coa competencia establecida no artigo 19 e a autorización contida no número dous da disposición derradeira cuarta da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e de acordo co Consello Consultivo de Galicia

ACORDO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A presente orde ten por obxecto establecer a regulación aplicable ao cumprimento das obrigas tributarias concernentes ao imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).

Artigo 2. Obriga de declaración, presentación e pagamento electrónicos

Os suxeitos pasivos deberán cumprir as obrigas tributarias concernentes ao ICAM, ás

que se refire esta orde, por medios electrónicos, sen prexuízo do disposto na disposición adicional primeira. Para isto, deberán empregar as aplicacións informáticas que a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria (OVT), nas condicións e consonte cos procedementos previstos nesta orde. O código na Guía de procedementos e servizos é FA009A.

Artigo 3. *Usuarios autorizados*

1. Para os efectos do disposto no artigo 2, as aplicacións informáticas relacionadas con este imposto deberán ser empregadas polos usuarios que se relacionan a seguir, sempre que sexan previamente autorizados pola dirección da Atriga:

- a) Os suxeitos pasivos que dispoñan do correspondente certificado de usuario outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para a presentación e pagamento dos seus propios tributos, ou doutras autoridades certificadoras admitidas pola consellería competente en materia de facenda.
- b) As persoas profesionais colexiadas, así como as entidades, as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, que subscribisen coa administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia o correspondente convenio de colaboración, nos termos acordados neste.

2. Os usuarios anteriores, para poder empregar as aplicacións informáticas deste imposto, deberán estar previamente autorizados. Para estes efectos, deberán presentar ante a dirección da Atriga, unha solicitude de autorización xunto a unha ficha de usuario, axustadas aos modelos que contén o Anexo I, con anterioridade ao primeiro prazo no que deban cumprir as obrigas tributarias referidas a este imposto. Outorgarase a autorización a todos aqueles que reúnan as condicións establecidas no número 1.

Artigo 4. *Aprobación de modelos en formato electrónico*

Apróbanse os modelos en formato electrónico que figuran nos Anexos II e III e que se relacionan a seguir, para os efectos da aplicación do ICAM:

- Modelo 008.- Modelo de declaración de alta/modificación de datos no Censo Electrónico de Concesións e Instalacións de Depósito ou Almacenamento Mineiros.
- Modelo 013.- Modelo de autoliquidación do imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).

Artigo 5. Singularidade dos suxeitos pasivos do ICAM

No suposto de que un mesmo suxeito pasivo teña en explotación máis dunha instalación ou desenvolva máis dunha actividade polas que se considere que realiza o feito imponible do imposto, as declaracións e autoliquidacións reguladas nesta orde e o resto das obrigas tributarias que deban cumprirse, referiranse a cada unha das devanditas instalacións ou actividades, salvo que estiveran amparadas por un único título habilitante.

Artigo 6. Censo Electrónico de Concesións e Instalacións de Depósito ou Almacenamento Mineiros (Cecidam)

1. Créase o Censo Electrónico de Concesións e Instalacións de Depósito ou Almacenamento Mineiros (Cecidam), instrumento que será empregado pola administración tributaria galega para os efectos da aplicación do ICAM.
2. O Cecidam conterá ademais dos datos sinalados na normativa xeral tributaria, os datos declarados mediante o modelo 008.
3. Inscribíranse no censo tódalas concesións, actividades e instalacións de depósito ou almacenamento de residuos que realicen o feito imponible gravado polo imposto consonte co establecido no artigo 12 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Para estes efectos, sen prexuízo das consecuencias que deriven do incumprimento das obrigas sinaladas na sección 1ª do capítulo II, a administración tributaria galega poderá incorporar de oficio os datos que deban figurar nel, consonte co disposto no artigo 144 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado mediante Real decreto

1065/2007, do 27 de xullo, e mediante as actuacións ás que se refire o artigo 11 desta orde.

CAPÍTULO II

Obrigas tributarias

Sección 1ª. Obrigas tributarias censuais

Artigo 7. Procedemento para a realización da declaración inicial

1. Os suxeitos pasivos deberán presentar electronicamente ante a Atriga, unha declaración de alta no Cecidam, no primeiro mes natural que comece tras a comunicación do inicio dos labores mineiros obxecto de gravame á administración mineira ou, de ser o caso, tras a notificación da autorización da instalación, almacén ou depósito de residuos mineiros. Este prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil. En calquera caso, a declaración de alta deberá presentarse antes do pagamento e presentación electrónicos da primeira autoliquidación.
2. Para realizar esta declaración empregarán o modelo 008, que conformarán coa aplicación informática que a Atriga poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo e nas condicións e de acordo co procedemento previsto neste artigo.
3. Unha vez consignados tódolos datos requiridos, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación telemática, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.
4. Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao suxeito pasivo en pantalla:
 - un código de identificación formado por cinco caracteres numéricos, que deberá ser empregado polo suxeito pasivo en tódalas actuacións que teña coa Atriga na aplicación deste imposto. A asignación deste código suporá a inscrición no Cecidam.

- o modelo 008 debidamente cuberto cos datos declarados e co código de identificación ao que se refire o parágrafo anterior, e validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación da declaración inicial na data sinalada no propio modelo.

5. No suposto de que a presentación fora rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, o suxeito pasivo deberá proceder a subsanalos mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación fora orixinado por un motivo non subsanable, o suxeito pasivo deberá repetir a presentación.

6. O suxeito pasivo deberá conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación (CSV).

Artigo 8. Procedemento para a realización da modificación dos datos do Cecidam

1. Cando se produza algunha variación nos datos inscritos no Cecidam, diferente ás contempladas nos artigos 9 e 10, os suxeitos pasivos deberán presentar unha declaración electrónica daquela variación ante a Atriga, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á data da autorización da modificación. No suposto de que o último día fose día inhábil, o prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Para realizar esta declaración empregarán o modelo 008, que conformarán consonte coas instrucións aprobadas a este respecto no propio modelo, coa aplicación informática á que fai referencia o artigo 7 nas condicións e de acordo co procedemento previsto nel.

2. Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao suxeito pasivo en pantalla o modelo 008 debidamente cuberto cos datos declarados, e validado cun código seguro de verificación formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. A declaración referida determinará, no mesmo momento da aceptación pola aplicación da súa presentación a modificación definitiva dos datos aos que se refira.

Artigo 9. *Procedemento para a modificación do suxeito pasivo*

1. Cando por calquera operación ou título xurídico se produza a modificación do suxeito pasivo do imposto por unha concesión, actividade ou instalación inscrita no Cecidam, o cambio de suxeito pasivo deberá declararse no prazo máximo de vinte días naturais dende a data na que se tivese realizado aquela. Este prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil.

Para estes efectos, quen tivese sido titular con anterioridade á modificación deberá presentar electronicamente á Atriga, unha declaración de baixa por modificación do suxeito pasivo, identificando o novo titular da actividade ou instalación e este último, deberá presentar electronicamente unha declaración de alta por modificación do suxeito pasivo.

Para realizar estas declaracións empregarán o modelo 008, que conformarán de acordo coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo, coa aplicación informática á que fai referencia o artigo 7 nas condicións e de acordo co procedemento previsto nel e debendo proceder do xeito indicado nos números 2 e 3.

2. Quen tivese sido titular da actividade ou instalación con anterioridade á modificación, deberá presentar a declaración de baixa por cambio de suxeito pasivo de xeito electrónico no prazo máximo de dez días naturais dende a data na que se tivese realizado aquela. Este prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil. A declaración referida determinará no mesmo momento da aceptación pola aplicación da súa presentación, a baixa provisional do suxeito pasivo inicial respecto á actividade ou instalación censada. O suxeito pasivo inicial deberá xustificar documentalmente ante a Atriga o cambio no prazo máximo de 5 días dende a presentación da comunicación. Verificada pola administración a documentación achegada, procederase á baixa definitiva do titular inicial respecto á actividade ou instalación.

3. Realizada a baixa provisional, o novo suxeito pasivo, sen prexuízo do disposto no artigo 3, deberá presentar electronicamente á Atriga a declaración de alta por cambio de suxeito pasivo. A referida declaración determinará no mesmo momento da

aceptación pola aplicación da súa presentación, a alta do suxeito pasivo respecto á concesión, actividade ou instalación, momento a partir do cal poderá realizar calquera outra operación con respecto a esa concesión, actividade ou instalación a través das aplicacións informáticas da OVT.

4. Sen prexuízo das consecuencias que derivasen do incumprimento das obrigas neste artigo sinaladas, a Atriga poderá dar de baixa a quen tivese sido suxeito pasivo con anterioridade á operación que tivese determinado o cambio de suxeito pasivo, por solicitude do novo suxeito pasivo e previa xustificación documental.

Artigo 10. Procedemento para declarar o cesamento da actividade ou o peche da instalación.

1. O suxeito pasivo deberá declarar ante a Atriga o cesamento definitivo dos labores mineiros no prazo máximo dun mes dende a data na que se produza o recoñecemento do dito cesamento. O suxeito pasivo deberá declarar ante a Atriga a clausura da instalación, almacén ou depósito de residuos mineiros, no prazo máximo dun mes dende a data na que se produza a dita clausura.

Para realizar esta declaración empregarán o modelo 008, que conformarán de acordo coas instrucións aprobadas a este respecto no propio modelo, coa aplicación informática á que fai referencia o artigo 7 nas condicións e de acordo co procedemento previsto nel. Con carácter previo á devandita declaración, deberá cumprir as obrigas tributarias que tivera pendentes de realizar ou concluír, seguindo o procedemento establecido no capítulo II desta orde.

2. A comunicación referida determinará no mesmo momento da súa aceptación, a baixa provisional da actividade ou da instalación censada. Feita a comunicación, o suxeito pasivo deberá, no prazo máximo de 10 días, presentar ante a Atriga a correspondente xustificación documental. Recibida e verificada a documentación xustificativa, a Atriga procederá á baixa definitiva da actividade ou da instalación censada.

3. Sen prexuízo das consecuencias que derivasen do incumprimento das obrigas neste artigo sinaladas, a Atriga poderá, de oficio, dar de baixa as concesións, actividades ou instalacións censadas que procedera.

Artigo 11. Actuacións de comprobación censual

1. A Atriga comprobará a veracidade dos datos declarados mediante o modelo 008 de acordo co disposto no artigo 144 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado mediante Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

2. A Atriga poderá modificar de oficio a situación censual das concesións, actividades ou instalacións inscritas no Cecidam de acordo co establecido nos artigos 145 e 146 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado mediante Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, segundo proceda en cada caso. Do mesmo modo, a Atriga poderá de oficio dar de alta ou de baixa unha concesión, actividade ou instalación no Cecidam, sen prexuízo das sancións que procederan polo incumprimento das obrigas tributarias reguladas nesta sección.

Sección 2ª. Autoliquidación do ICAM

Artigo 12. Prazos de pagamento e presentación das autoliquidacións do ICAM

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar electronicamente ante a Atriga, nos vinte primeiros días naturais de setembro, un pagamento a conta da débeda tributaria definitiva, autoliquidando e determinando o seu importe, mediante o modelo 013, que conformarán coa aplicación informática que a Atriga poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo e seguindo o procedemento establecido nos artigos 13, 14 e 15.

2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar electronicamente ante a Atriga, nos vinte primeiros días naturais do mes de maio, unha autoliquidación do imposto na que determinarán a débeda tributaria correspondente ao ano natural inmediato anterior,

aplicarán o pagamento a conta que corresponda e ingresarán, se é o caso, o importe resultante, mediante o modelo 013, que conformarán coa aplicación informática que a Atriga poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo e seguindo o procedemento establecido nos artigos seguintes.

3. Os prazos establecidos nos números 1 e 2 entenderanse prorrogados ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil.

¹Artigo 13. *Procedemento electrónico para a confección das autoliquidacións correspondentes ao ICAM*

1. Para cumprir as obrigas tributarias ás que se refire o artigo 12, os usuarios a que se refire o artigo 3 accederán á OVT, na aplicación denominada IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO e iniciarán a confección do modelo 013 correspondente ao período ao que se refira a autoliquidación, seguindo as instrucións contidas no propio modelo. Para estes efectos, os suxeitos pasivos deberán estar previamente identificados co código do obrigado tributario no Cecidam.

A aplicación informática mostraralle de forma diferenciada o resumo dos datos declarados consonte co deseño do modelo 013. O usuario deberá confirmar os datos.

2. O pagamento a conta da débeda tributaria definitiva correspondente ao mes de setembro, calcularase aplicando o tipo de gravame vixente á base imponible provisional acumulada correspondente ao ano en curso desde o inicio do período impositivo ata o último día do mes xuño.

3. Cando se trate da autoliquidación á que se refire o número 2 do artigo 12, unha vez confirmados os datos, a aplicación informática calculará a débeda tributaria correspondente ao dito período impositivo, así como, de ser o caso, o importe a ingresar ou a devolver, aplicando o tipo de gravame á base imponible acumulada

¹ Modificado polo artigo 8, da ORDE do 22 de decembro 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo. ((DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de-2021).

correspondente ao ano que se refire a autoliquidación e descontando da débeda tributaria resultante, o importe do pagamento á conta correspondente ao período impositivo, que anteriormente tivese autoliquidado.

4. Unha vez calculados os importes aos que se refiren os números 2 e 3, o usuario deberá confirmalos, momento en que se lle asignará un número identificativo da operación. O usuario, para concluír o proceso de confección do modelo 013, deberá confirmar a operación.

5. Unha vez confirmada a operación, no mesmo prazo da súa presentación e previamente a esta e sempre que resulte unha cantidade positiva a ingresar, o usuario deberá seleccionar a/as forma/s de pagamento consonte as instrucións do modelo no anexo de datos de pagamento. No caso de que marque un importe a aprazar ou fraccionar, deberá presentar ante a Atriga solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinaladas na normativa de aplicación e sen que se poida entender presentada aquela coa presentación electrónica da autoliquidación. No caso de que recoñeza débeda por algún importe, transcorrido o prazo voluntario do seu pagamento sen facelo efectivo, exixirase pola vía de constrinximento, nas condicións establecidas na normativa tributaria. No caso de que teña que ingresar algún importe, procederá consonte o disposto no artigo 14.

6. Unha vez cuberto o anexo de datos de pagamento e, de ser o caso, tras a operación de pagamento, no mesmo prazo sinalado no artigo 12, deberá proceder á presentación electrónica do modelo 013, consonte o disposto no artigo 15.

²Artigo 14. *Procedemento electrónico para o pagamento da débeda tributaria*

1. Unha vez confeccionado e confirmado o impreso 013 conforme o sinalado no artigo 13, cando o usuario determine unha cantidade positiva a ingresar no anexo de

² Modificado polo artigo 8, da ORDE do 22 de decembro 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo. (DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de-2021).

datos de pagamento, deberá realizar o seu pagamento de calquera das formas sinaladas no número 2.

2. Os usuarios poderán pagar a débeda ordenando a súa domiciliación consonte coa normativa vixente na materia e/ou de calquera das formas seguintes:

a) De forma presencial en calquera das entidades de crédito colaboradoras autorizadas, mediante a carta de pagamento que para estes efectos xerará a aplicación informática e que previamente deberá imprimir o usuario. A aplicación informática xerará dous exemplares da carta de pagamento debidamente cubertos cos datos que o usuario facilitase na aplicación informática. Con estes dous exemplares da carta de pagamento acudirase á entidade colaboradora para realizar o pagamento. Unha vez realizado o pagamento, a entidade colaboradora facilitará un número de referencia completo (NRC) identificativo do ingreso realizado, quedará co exemplar para a entidade colaboradora e devolverá ao usuario o exemplar para o interesado co selo da entidade, coa data do ingreso, co número e co importe, así como co NRC. O dito documento servirá de xustificante de pagamento do número da autoliquidación impreso nel. O NRC identificativo do ingreso realizado será requirido posteriormente pola aplicación informática para completar a presentación electrónica da autoliquidación.

b) De forma electrónica. O usuario accederá ás aplicacións específicas a través da OVT da Atriga e efectuará o pagamento da correspondente autoliquidación, a través das entidades de crédito colaboradoras na recadación autorizadas para tal efecto ou mediante tarxeta de crédito ou débito a través de sistemas de terminal de punto de venda (TPV) virtual. A entidade efectuará as comprobacións oportunas e aceptará ou rexeitará a operación. No caso de ser aceptada, efectuará o aboamento na correspondente conta restrinxida de recadación de tributos e xerarase o correspondente NRC, para completar a presentación electrónica da autoliquidación. Unha vez realizado o pagamento, a aplicación informática xerará o recibo a que se refire o artigo 17.2.

3. O NRC a que se refire o número 2 é un código xerado informaticamente mediante un sistema criptográfico que permitirá asociar a autoliquidación presentada ao pagamento dela derivado. As normas técnicas de xeración do NRC figuran no anexo IV.

4. A xeración do NRC pola entidade colaboradora e a inclusión del nun recibo entregado ao obrigado tributario implicará:

- a) Que o recibo no que figura responde a un ingreso realizado na entidade colaboradora que o expide.
- b) Que o devandito recibo corresponde á autoliquidación incorporada na carta de pagamento e non a outra.
- c) Que a partir do momento de xeración deste pola entidade de crédito, e sempre que o NRC non fose anulado consonte a normativa tributaria en materia de recadación, queda a entidade obrigada fronte á Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia polo importe que figura no devandito recibo, e o obrigado tributario queda liberado da súa obriga de pagamento fronte á citada Facenda, salvo que se poida probar de forma fidedigna a inexactitude da data ou do importe que conste na validación do xustificante.

5. Unha vez xerado o correspondente NRC, salvo que fora anulado consonte coa normativa tributaria en materia de recadación, non se admitirá a retrocesión do pagamento por parte da entidade colaboradora e o suxeito pasivo deberá presentar, de ser o caso, ante a Atriga, as correspondentes solicitudes de devolución de ingresos indebidos adecuadamente fundamentada. Pola súa banda, a entidade colaboradora deberá realizar o pagamento na conta restrinxida de recadación con carácter previo á xeración do citado NRC.

³Artigo 15. *Procedemento para a presentación electrónica das autoliquidacións*

1. Unha vez calculada a débeda e, de ser o caso, realizado o seu pagamento, para concluír co proceso o usuario deberá presentar a autoliquidación electronicamente, de maneira que transmitirá os datos dela coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada

³ Modificado polo artigo 8, da ORDE do 22 de decembro 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo. (DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de-2021).

para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unicamente a sinatura correspondente ao seu certificado

2. Se a presentación electrónica é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo 013 debidamente cuberto, co seu número de identificación, cos datos declarados, coa autoliquidación da débeda tributaria, cos datos correspondentes ao importe a ingresar ou a devolver e, de ser o caso, co ingreso realizado e coa data do ingreso e/ou coa débeda recoñecida, coa data da presentación e validado cun código seguro de verificación (CSV) formado por dezaseis caracteres. Este modelo servirlle de xustificante da presentación do número da autoliquidación impreso nel na data sinalada no propio modelo e, de ser o caso, do seu pagamento ou da presentación da solicitude de devolución derivada da normativa do imposto.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, o usuario deberaos emendar mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación é orixinado por un motivo non emendable, o usuario deberá repetir a presentación.

Sección 3ª. Accesos á OVT e xustificantes de pagamento e de presentación de declaracións e autoliquidacións

Artigo 16. Accesos á OVT

1. Os usuarios poderán, en calquera momento, acceder á OVT no seu horario de dispoñibilidade para cumprir as obrigas tributarias ás que se refire esta orde.

2. Para estes efectos, os usuarios deberán acceder na sección Usuarios autorizados á aplicación informática denominada IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO. Unha vez nela poderán acceder ás diferentes declaracións. Para estes efectos, cada unha delas mostrará o estado de situación en que se encontra. Con ocasión de cada acceso, os usuarios poderán comezar unha operación ou, de ser o caso, retomar as operacións pendentes e continualas..

⁴ 3. Os estados de situación poden ser:

- a) Borrador: é o estado no que se encontra a declaración 008 cando foi confeccionada e gardada sen ser presentada.
- b) Pendente de pagamento e presentación: é o estado no que se encontra o modelo 013 a ingresar cando fora confirmado polo usuario mais non foi realizada ningunha das fases posteriores de pagamento nin de presentación.
- c) Pendente de pagamento: é o estado no que aparece o modelo 013 a ingresar confirmado polo usuario, cando o importe a ingresar no anexo de datos de pagamentos foi tramitado para o seu pagamento presencial segundo o establecido no artigo 14.2.a), mais o usuario non concluíu a transacción de pagamento.
- d) Pendente de presentación: é o estado no que aparece o modelo 013 validado polo usuario, cando aínda non foi presentado e, no caso de que sexa a ingresar, unha vez seleccionadas/s a/as forma/s de pagamento da débeda tributaria no anexo de datos de pagamento e, de ser o caso, ingresada a cantidade positiva a ingresar que figurase no dito anexo, consonte co disposto no artigo 14.
- e) Presentado: estado no que aparecen os modelos 008 e 013 cando, unha vez confeccionados e validados e, de ser o caso, realizadas as operacións reguladas nos artigos 13 e 14, o usuario presentase electrónicamente os modelos ante a Atriga.

⁴ Modificado polo artigo 8, da ORDE do 22 de decembro 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo. ((DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de-2021).

⁵Artigo 17. *Xustificantes do pagamento e da presentación electrónica de autoliquidacións e declaracións.*

1. No caso de que o usuario opte polo pagamento de forma presencial nunha entidade colaboradora, o exemplar para o interesado da carta de pagamento que esta entregue nos termos previstos no artigo 14.2.a) servirá de xustificante do pagamento do número da autoliquidación impreso nel.

⁶2. Se as persoas usuarias optasen polo pagamento electrónico, a aplicación informática, unha vez realizado o pagamento, xerará o correspondente recibo, que as persoas obrigadas tributarias deberán conservar, no cal se identificarán, no caso de pagamento con tarxeta, a data do ingreso, o importe, o NIF e o nome do suxeito pasivo, así como o NRC. No caso de que o pagamento se realice con cargo na conta, no recibo identificarase, ademais, o número de conta que realiza o pagamento. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento da autoliquidación asociada ao NRC impreso nel.».

3. A presentación da autoliquidación que regula esta orde e a súa data acreditaranse mediante o documento (modelo 013) xerado pola aplicación informática en que constarán os datos identificativos do suxeito pasivo, da declaración, da liquidación e da cantidade que se debe ingresar ou devolver e, de ser o caso, do ingreso e/ou da débeda recoñecida, así como as datas do ingreso, de ser o caso, e da presentación. Ademais, xerarase un código interno que permitirá asociar de forma inequívoca as declaracións presentadas electronicamente coas xeradas pola aplicación informática e entregadas. O modelo 013 xerado pola aplicación xustificará, así mesmo e de ser o

⁵ Modificado polo artigo 8, da ORDE do 22 de decembro 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo. (DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de-2021).

⁶ Modificado pola Orde de 16 de decembro de 2021 pola que se modifican diversas normas tributarias. (DOG núm. 245 do 23 de decembro de 2021)

caso, o pagamento da cantidade positiva resultante del ou a presentación da solicitude de devolución derivada da normativa do imposto nos termos previstos no número 2 do artigo 15.

4. Os xustificantes de pagamento e presentación sinalados nos números anteriores producirán os efectos liberatorios para coa Facenda da Comunidade Autónoma sinalados no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. No caso de que a autoliquidación non dea lugar a ingreso bastará a xustificación da presentación na forma sinalada no número 3. Os obrigado tributarios deberán conservar os xustificantes de pagamento e presentación.

5. Unha vez que a aplicación informática acepte a presentación de calquera declaración realizada mediante o modelo 008 polo usuario, xerárase o dito modelo debidamente cuberto cos datos declarados e validado cun CSV formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo servirlle de xustificante da presentación da declaración de alta ou da declaración de modificación segundo corresponda, na data sinalada no propio modelo. O obrigado tributario deberá conservar a declaración aceptada e validada co correspondente CSV.

6. Os xustificantes a que se refiren os números 3 e 5 poderán ser verificados por calquera persoa de forma permanente e inmediata mediante a introdución do seu CSV no servizo de verificación de documentos da OVT da Atriga. Para estes efectos, poderanse establecer mecanismos de verificación automática do CSV a través de servizos web ou similares cos colectivos que se estableza».

Disposición adicional primeira. *Excepcionalidade ao cumprimento das obrigas tributarias de xeito electrónico*

De xeito excepcional e cando circunstancias extraordinarias así o aconsellen, previa solicitude do interesado debidamente xustificada, a dirección da Atriga, valoradas as razóns aducidas e a documentación e as probas achegadas pola persoa ou entidade interesada para xustificar a súa demanda, poderá excepcionar a aquela da obrigatoriedade de empregar os medios electrónicos para o cumprimento das obrigas tributarias reguladas nesta orde. A resolución fixará o alcance temporal da excepcionalidade e a forma e as condicións nas que deberá facer efectivas as obrigas

tributarias, sen prexuízo das consecuencias que derivasen de acordo coa normativa tributaria no caso de incumprimentos das normas.

Disposición adicional segunda. *Adhesión e autorización de entidades colaboradoras*

1. As entidades de depósito, xa autorizadas como colaboradoras na recadación dos tributos xestionados pola Comunidade Autónoma, quedan adheridas ás obrigas derivadas da colaboración na recadación dos ingresos derivados do modelo 013 que se fagan efectivos nelas.

2. As entidades que estiveran autorizadas para o pagamento electrónico doutros tributos xestionados pola consellería competente en materia de facenda quedarán autorizadas para o pagamento electrónico deste imposto sen necesidade de solicitalo á dirección da Atriga.

⁷Disposición adicional terceira. *Obrigas de conservación de soportes informáticos das entidades de crédito en que se realice o pagamento deste imposto*

No suposto de pagamento electrónico das autoliquidacións referidas ao ICAM, a entidade de crédito, conservará durante un período de cinco anos os soportes informáticos que motivaron o devandito NRC.

Disposición adicional cuarta. *Confidencialidade e representación*

1. As persoas profesionais colexiadas, así como as entidades, as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, no exercicio das súas funcións e nas actuacións previstas nos convenios correspondentes respectarán as normas establecidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

⁷ Modificado polo artigo 8, da ORDE do 22 de decembro 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo. (DOG núm. 6, do 12 de xaneiro de-2021).

2. As persoas profesionais colexiadas, así como as entidades, as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais aos que o suxeito pasivo solicitase a colaboración para a presentación electrónica deste tributo, deberán posuír a representación nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A Administración poderá requirir destes, en calquera momento, a acreditación da devandita representación.

3. A falta de representación abonda das persoas no nome da cal se presentase a documentación dará lugar á exigencia das responsabilidades que fosen procedentes.

Disposición adicional quinta. Presentación e pagamento en prazo

A falta de resposta do ordenador da entidade de depósito autorizada, colaboradora na xestión recadatoria, elixida polo interesado para realizar o pagamento electrónico das autoliquidacións recollidas nesta orde, así como a falta de conformidade da devandita entidade a materializar a operación polos motivos que, con ocasión do intento de efectuar o devandito pagamento poña en coñecemento do citado interesado, non escusarán a este do pagamento e presentación da autoliquidación dentro dos prazos establecidos na normativa correspondente a este tributo.

Disposición adicional sexta. Modificación dos anexos desta orde

No ámbito das súas competencias, habilitase á persoa titular da dirección da Atriga a modificar ou actualizar mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia os anexos a esta orde, cando fose preciso como consecuencia da modificación das normas legais ou regulamentarias ou como consecuencia dos avances tecnolóxicos, os cambios de sistemas ou calquera outra circunstancia que precisase a correspondente plasmación nos modelos aprobados ou nas normas ou especificacións técnicas recollidas nos ditos anexos.

Disposición adicional sétima. Concesións mineiras de explotación referidas a minerais metálicos e metais preciosos e instalacións, almacéns ou depósitos de residuos mineiros autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia

1. Os suxeitos pasivos do ICAM que, á entrada en vigor desta orde, tiveran iniciado os labores mineiros obxecto de gravame por este imposto, así como os que tiveran

notificada a autorización dunha instalación, almacén ou depósito de residuos mineiros, deberán cumprir a obriga tributaria regulada no artigo 7 no primeiro mes natural que comece tras a data de entrada en vigor desta orde. En calquera caso, a declaración de alta deberá presentarse antes do pagamento e presentación electrónicos da primeira autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos do ICAM non terán que realizar o pagamento a conta das débedas tributarias correspondentes aos anos 2015, 2016 e 2017.

3. Os suxeitos pasivos do ICAM cumprirán a obriga tributaria regulada no número 2 do artigo 12 desta orde referida aos anos 2015 e 2016 nos vinte primeiros días naturais de marzo de 2018, procedendo do xeito que se indica no número 5.

4. Os suxeitos pasivos do ICAM cumprirán a obriga tributaria regulada no número 2 do artigo 12 desta orde referida ao ano 2017 no prazo regulamentado nel, procedendo do xeito que se indica no número 5.

5. Para os efectos do disposto nos números 3 e 4, os suxeitos pasivos conformarán o modelo 013 correspondente aos anos 2015, 2016 e 2017, seguindo as instrucións establecidas no Anexo III coas especialidades que se sinalan a continuación e consonte cos procedementos regulados nos artigos 13, 14, e 15 desta orde:

a) No bloque denominado “PERÍODO E CARÁCTER” consignarán no exercicio, o ano ao que correspondera a autoliquidación e, no período, consignarase 2.

b) No bloque denominado “LIQUIDACIÓN” da autoliquidación (modelo 013) as casas (4) e (5) deixaranse en branco.

6. Os prazos establecidos nesta disposición adicional entenderanse prorrogados ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras

Introdúcense as seguintes modificacións nos Anexos I e IV da Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das

entidades colaboradoras:

Un. Engádese no Anexo I, de maneira que se insira no lugar que lle corresponda segundo a orde numérica preestablecida o novo modelo de ingreso da autoliquidación do ICAM, coa seguinte redacción:

“013-IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO.
AUTOLIQUIDACIÓN”

Dous. Engádense no Anexo IV as seguintes modificacións:

- 1) modifícase a descrición das posicións 18-19 do deseño do rexistro do detalle de autoliquidacións (tipo 3), quedando redactada do seguinte xeito:

“PERÍODO

Libre para todos os modelos.”

- 2) modifícase a descrición das posicións 20-22 do deseño do rexistro do detalle de autoliquidacións (tipo 3), engadindo, de maneira que se insira no lugar que lle corresponda segundo a orde numérica preestablecida o novo modelo de ingreso da autoliquidación do ICAM, coa seguinte redacción:

“013- IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO.
AUTOLIQUIDACIÓN”

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dd de mm de 2017

O CONSELLEIRO DE FACENDA

Valeriano Martínez García.-

ANEXO I

Solicitud de autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración 008 e de autoliquidación 013 da Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).

D/D^a..... co NIF.....
como titular/ representante de
....., co NIF
....., suxeito pasivo do Imposto
compensatorio ambiental mineiro (ICAM),

SOLICITO

autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración 008 e de autoliquidación 013 do Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM), con suxeición ao establecido na normativa vixente.

..... de..... de

Asdo.:

Identificación de usuarios para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración 008 e de autoliquidación 013 do Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).

IDENTIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO

Denominación Social
NIF
Enderezo
Concello
Provincia
Teléfono
Correo electrónico

IDENTIFICACIÓN DO/S USUARIO/S DA APLICACIÓN:

Nome e Apelidos
NIF

Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma ¹	: Nivel de acceso ² :
Sistema operativo	

Nome e Apellidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma ¹	: Nivel de acceso ² :
Sistema operativo	

Nome e Apellidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma ¹	: Nivel de acceso ² :
Sistema operativo	

RESPONSABLE DE INFORMÁTICA


Nome e Apellidos
NIF
Teléfono
Correo electrónico

¹ O idioma poderase cubrir “***galego***” ou “***castelán***” segundo se desexe.

² Acceso. Se se pon “total”, poderanse ver todos os expedientes presentados; se se pon “parcial”, só se poderán ver os expedientes gravados por ese usuario exclusivamente.

8 ANEXO II

Modelo en formato electrónico de declaración de alta/modificación de datos no Censo Electrónico de Concesións e Instalacións de Depósito ou Almacenamento Mineiros (modelo 008).

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA <input type="text"/>		IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO Lei 12/2014, do 22 de decembro  Axencia Tributaria de Galicia		Modelo 008	
DECLARACIÓN INICIAL/MODIFICACIÓN					
CARÁCTER	Carácter Declaración:			Nº Expediente:	Data Presentación:
	Data efectos:				
	NIF Cambio Suzeño Pasivo:				
SUJEITO PASIVO	NIF		Apellidos e nome ou razón social		
	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Número	Eso	Andar
	Concello		Código	Provincia	
REPRESENTANTE	NIF		Apellidos e nome ou razón social		
	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Número	Eso	Andar
	Concello		Código	Provincia	
DATOS AUTORIZACIÓN	Obxecto autorización: Concesión explotación mineira: <input type="checkbox"/>		Almacén/ depósito residuos mineiros: <input type="checkbox"/>		
	Concellos onde se sitúa:		Provincia/s:		
	Autoridade autorizante:				
	Data notificación autorización:				
	Data da modif/transm. autorización				
ACTIVIDADES	Data cese definitivo labores mineiros		Data clausura almacén/depósito residuos:		
	Nome da explotación/instalación:		Código <input type="text"/>		
	Data comunicación inicio labores mineiros:				
	Instalacións:		Depósito de residuos: <input type="checkbox"/>		Establecemento de beneficio: <input type="checkbox"/>
ALTERACIÓN DA SUPERFICIE Superficie total alterada e non restaurada nº has <input type="text"/> Fracción de ha. <input type="text"/> TOTAL <input type="text"/>					
DATOS ACTIVIDADE	DEPÓSITO OU ALMACENAMENTO RESIDUOS MINEIROS (Ext)				
		Procedentes da extracción		Derivadas do proceso de beneficio	
		Oriz: CAG	Fóra CAG	Oriz: CAG	Fóra CAG
	Residuos perigosos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	* sólidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	* non sólidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Residuos non perigosos non inertes	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
* sólidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
* non sólidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Residuos non perigosos inertes	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
* sólidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
* non sólidos	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección www.atriga.es [Oficina Virtual Tributaria]					
SELO	Código Seguro de Verificación				

⁸ Modificado pola Resolución do 27 de outubro 2021 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das declaracións e autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre xogo (DOG núm.216, de 10 de novembro de 2021)

INSTRUCCIÓN

CARÁCTER

Neste bloque deberá sinalarse o carácter ao que corresponda a declaración, de acordo coa nomenclatura que se sinala a continuación, e a data de efectos, que será a data que se sinala en cada caso:

ALTA: Cando se trate dunha declaración de alta dun obrigado tributario novo ou dun obrigado tributario que non tivese presentado o modelo 008 con anterioridade. Neste caso a data de efectos será a da comunicación do inicio dos labores mineiros obxecto de gravame á administración mineira consonte coa normativa sectorial. Cando se trate de instalacións, depósitos ou almacéns de residuos mineiros alleos á explotación mineira, a data de efectos será a do día da notificación da autorización da autoridade competente.

MODIFICACIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE ou PECHE da INSTALACIÓN: Cando se trate deste tipo de modificación, a data de efectos será a do día no que a autoridade competente recoñeza o cesamento definitivo dos labores mineiros. Cando se trate de instalacións de residuos mineiros, a data de efectos será aquela na que a autoridade competente clausure as ditas instalacións.

MODIFICACIÓN: Cando se trate de calquera outra modificación dos datos declarados con anterioridade correspondentes ao obrigado tributario, a data de efectos a consignar será a data da autorización da modificación, no caso de que sexa unha modificación que tivese precisado autorización, e, no caso contrario, consignarase a data da modificación.

BAIXA POR CAMBIO DE SUXEITO PASIVO: Consignarase cando se produza a transmisión por calquera título da condición de suxeito pasivo. A data de efectos será a da transmisión. Neste caso haberá que especificar o NIF do novo suxeito pasivo.

ALTA POR CAMBIO DE SUXEITO PASIVO: Consignarase no caso de adquisición da condición de suxeito pasivo deste imposto por calquera título. A data de efectos será a do día seguinte á data en que se produciu o cambio do suxeito pasivo. Neste caso haberá que especificar o NIF do anterior suxeito pasivo.

Neste bloque, unha vez presentada a declaración cargarase o número de expediente e a data de presentación.

SUXEITO PASIVO

Neste bloque deberánse consignar os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, apelidos e nome ou razón social, enderezo fiscal ou enderezo para efectos de notificacións. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na Oficina Virtual Tributaria.

Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenú “Catálogo de servizos” da OVT.

REPRESENTANTE

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, Apelidos e nome ou razón social e enderezo.

DATOS AUTORIZACIÓN

Neste bloque consignarase de forma resumida a información correspondente á autorización da actividade ou instalación obxecto de gravame, segundo o carácter da declaración da que se trate.

O suxeito pasivo deberá consignar:

a) **OBXECTO AUTORIZACIÓN:** deberá consignar se se trata dunha concesión de explotación mineira ou dunha instalación, almacén ou depósito de residuos mineiros alleo á explotación mineira, cando o carácter da declaración sexa ALTA.

b) **SITUACIÓN:** deberá consignar o/s concello/s e a/s provincia/s en que radican as instalacións, cando o carácter da declaración sexa ALTA.

c) **AUTORIDADE AUTORIZANTE:** deberá consignar a denominación da autoridade que outorgou a concesión mineira ou que autorizou as instalacións de almacén ou depósito de residuos mineiros alleos á explotación mineira, cando o carácter da declaración sexa ALTA. No resto dos casos só deberá consignarse se a autoridade autorizante é diferente da que concedeu a explotación ou da que autorizou as instalacións de almacén ou depósito de residuos mineiros.

d) **DATA NOTIFICACIÓN AUTORIZACIÓN:** consignarase, de ser o caso, a data de notificación da autorización, cando o carácter da declaración sexa ALTA.

e) **DATA DA MODIF/TRANSM. AUTORIZACIÓN:** consignarase cando o carácter da declaración sexa BAIXA POR CAMBIO DE SUXEITO PASIVO ou ALTA POR CAMBIO DE SUXEITO PASIVO ou cando o carácter da declaración sexa MODIFICACIÓN; consignarase a data da autorización, salvo que a modificación que se comunica non precisara autorización, en cuxo caso, consignarase a data da modificación. No resto dos caracteres, deixarase en branco.

f) **DATA CESE DEFINITIVO LABORES MINEIROS:** consignarase só no caso de explotación mineira, cando o carácter da declaración sexa MODIFICACIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE ou PECHE da INSTALACIÓN. A data será a do día no que a autoridade competente recoñeza o cesamento definitivo dos labores mineiros.

g) **DATA CLAUSURA ALMACÉN/DEPÓSITOS DE RESIDUOS:** consignarase só no caso de instalacións de almacén ou depósito de residuos mineiros, cando o carácter da declaración sexa MODIFICACIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE ou PECHE da INSTALACIÓN. A data será a do día na que a autoridade competente clausure as ditas instalacións.

DATOS ACTIVIDADE/INSTALACIÓNS

Consignarase de forma resumida a información da explotación ou a información da instalación, segundo sexa o caso.

a) **NOME DA EXPLOTACIÓN/INSTALACIÓN:** deberá consignar o nome ou a denominación da explotación ou das instalacións obxecto de gravame.

b) CÓDIGO: non se cubrirá este dato nos casos de ALTA. Será obrigatorio no resto de caracteres da declaración.

c) DATA COMUNICACIÓN INICIO LABORES MINEIROS: consignarase unicamente no caso de explotación mineira, cando o carácter da declaración sexa ALTA. No resto dos casos deixarase en branco.

d) INSTALACIÓNS: consignarase unicamente no caso de explotación mineira; cando o carácter da declaración sexa ALTA, marcarase as instalacións autorizadas mediante a concesión de explotación. A data de autorización só se consignará no caso de que fora diferente á data de comunicación do inicio dos labores mineiros. Cando unha vez iniciados os labores mineiros, fora autorizada unha instalación ou depósito de residuos mineiros ou un establecemento de beneficio na propia explotación mineira, na declaración de modificación, marcarase a instalación que procedera e consignarase a data de autorización de dita instalación.

DATOS ACTIVIDADE

Este bloque consignarase só cando o carácter da declaración sexa ALTA.

Todas aquelas explotacións mineiras que o día 1 de xaneiro de 2015 tiveran comunicado a data de inicio dos labores mineiros á autoridade competente, deberán consignar:

- a) a superficie total alterada e non restaurada medida en hectáreas a 31.12.2014
- b) as existencias finais de residuos sólidos e non sólidos de cada tipoloxía procedentes da extracción ou derivadas do proceso de beneficio con orixe a Comunidade Autónoma de Galicia ou con orixe fóra da Comunidade Autónoma de Galicia depositadas ou almacenadas nas instalacións a 31.12.2014.

Todas aquelas instalacións de depósito ou almacén de residuos mineiros que o día 1 de xaneiro de 2015 tiveran sido autorizadas pola autoridade competente, deberán consignar:


- a) as existencias finais de residuos sólidos e non sólidos de cada tipoloxía procedentes da extracción ou derivadas do proceso de beneficio con orixe a Comunidade Autónoma de Galicia ou con orixe fóra da Comunidade Autónoma de Galicia depositadas ou almacenadas nas instalacións a 31.12.2014.

Todas aquelas explotacións mineiras que comunicaran o inicio dos labores mineiros dende o 1 de xaneiro de 2015 e as instalacións de depósito ou almacén de residuos mineiros que foran autorizadas dende a mesma data, consignarán segundo proceda, as previsións anuais de superficie total alterada e non restaurada medida en hectáreas e/ou as existencias previstas depositadas ou almacenadas durante o ano de residuos sólidos e non sólidos de cada tipoloxía procedentes da extracción ou derivadas do proceso de beneficio con orixe a Comunidade Autónoma de Galicia ou con orixe fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

A declaración será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante.

9 ANEXO III

Modelo en formato electrónico de autoliquidación do imposto compensatorio ambiental mineiro (modelo 013)

DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA		IMPOSTO COMPENSATORIO AMBIENTAL MINEIRO (ICAM) Lei 12/2014, do 22 de decembro			Modelo 013	
PERÍODO E CARÁCTER	EXERCICIO	PERÍODO	Nº Expediente: Data do inicio per. Impositivo:		Data Presentación: Nº días período impositivo:	
	<input type="checkbox"/> Complementaria <input type="checkbox"/> Nº autoliquidación:					
SUJEITO PASIVO	NIF		Apellidos e nome ou razón social			
	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Número	Eso.	Andar	
REPRESENTANTE	NIF		Apellidos e nome ou razón social			
	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Número	Eso.	Andar	
ACTIVIDADE	Nome da explotación/instalación:		Código			
DECLARACIÓN BASE IMPONIBLE	ALTERACIÓN DA SUP.		DEPÓSITO OU ALMACENAMENTO RESIDUOS MINEIROS			
	Superficie total alterada e non restaurada	Orbes:	Procedentes da extracción		Derivados do proceso de beneficio	
nº has	Residuos perigosos	a1	b1	c1	d1	
fracción de ha.	* sólidos	a2	b2	c2	d2	
	* non sólidos	a3	b3	c3	d3	
	Residuos non perigosos non inertes	e1	f1	g1	h1	
	* sólidos	e2	f2	g2	h2	
	* non sólidos	e3	f3	g3	h3	
	Residuos non perigosos inertes	i1	j1	k1	l1	
	* sólidos	i2	j2	k2	l2	
	* non sólidos	i3	j3	k3	l3	
TOTAL BI sup. (1s)						
LIQUIDACIÓN	BI SUPERFICIE (1s)				(1s)	
	TIPO GRAVAME (2s)				(2s)	
	COTA PREVIA SUPERFICIE				(3s)	
	BI RESIDUOS EXTRACCIÓN (1 re)		TIPO GRAVAME (2r)	COEFIC. FÓRA CAG	COTA PREVIA RE	
	CAG	Fóra CAG	CAG	Fóra CAG	TOTAL	
	R.P.	a	b			
	R.N.P.N.I.	e	f			
	R.N.P.J	i				
	COTA PREVIA RESIDUOS EXTRACCIÓN (3 re)					
	BI RESIDUOS PROC. BENEF. (1rb)		TIPO GRAVAME	COEFIC. B*	COEFIC. FÓRA CAG	COTA PREVIA RB
	CAG	Fóra CAG	CAG	Fóra CAG	TOTAL	
	R.P.	c	d			
	R.N.P.N.I.	g	h			
	R.N.P.J	k				
	COTA PREVIA RESIDUOS PROC. BENEF. (3rb)					
TOTAL COTA PREVIA (3s) + (3re) + (3rb)						
Nº días per. Imposit / 365						
TOTAL COTA (3)						
L Para deducir PAC autoliquidados exercicio (4)						
PAC a ingresar (5) : (3) - (4)						
Cota diferencial (6) : (3) - (4)						
Importe autoliquidacións anteriores (7)						
Total a ingresar/a devolver (8)						
IMPORTE INGRESADO/A DEVOLVER (8)						
DEVOLUCIÓN	Se o importe consignado no recadro "Importe Ingresado/a devolver" é unha cantidade negativa, marque con un "X" o que corresponda:					
	<input type="checkbox"/> RENUNCIA a devolución a favor do Tesouro Público		<input type="checkbox"/> SOLICITA a devolución			
IBAN/Conta						
Código BIC/SWIFT (só para contas extranxeiras)						
SELO	Entidade		Data de ingreso		NRC	
	A veracidade do contido deste documento ródease comprobando na dirección www.alpha.caj Galicia Virtual Tributaria					
Código Seguro de Verificación						

Os contribuíntes, nas súas relacións coas administracións tributarias, gozan dos dereitos xerais definidos no artigo 34 da Lei 59/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como dos dereitos definidos no artigo 13 da Lei 36/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

⁹ Resolución 12 de decembro de 2019 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre o xogo e as especificacións técnicas de determinados arquivos informáticos. (DOG Núm.242, 20-12-2019) e Resolución do 27 de outubro 2021 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das declaracións e autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre xogo (DOG núm.216, de 10 de novembro de 2021)

ANEXO: MOVIMENTO E CÓMPUTO DO ALMACÉN/DEPÓSITO DE RESIDUOS

PERÍODO E CARÁCTER	EXERCICIO	PERÍODO	Nº Expediente Data do inicio per. Impositivo: Data devindioa	Data Presentación: Nº días período Impositivo:
	<input type="checkbox"/> Complementaria	Nº autoliquidación:		

Nome da explotación/instalación:		Código							
Residuos peligrosos sólidos	RESIDUOS PROCED. EXTRACCIÓN				RESIDUOS DERIVADOS DO PROCESO DE BENEF.				
		CAG		Fóra CAG		CAG		Fóra CAG	
	Data	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo
Entradas:									
Salidas:									
cómputo período		a1		b1		c1		d1	
Residuos peligrosos non sólidos	RESIDUOS PROCED. EXTRACCIÓN				RESIDUOS DERIVADOS DO PROCESO DE BENEF.				
		CAG		Fóra CAG		CAG		Fóra CAG	
	Data	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo
Entradas:									
Salidas:									
cómputo período		a2		b2		c2		d2	
Residuos non peligrosos non inertes sólidos	RESIDUOS PROCED. EXTRACCIÓN				RESIDUOS DERIVADOS DO PROCESO DE BENEF.				
		CAG		Fóra CAG		CAG		Fóra CAG	
	Data	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo
Entradas:									
Salidas:									
cómputo período		e1		f1		g1		h1	
Residuos non peligrosos non inertes non sólidos	RESIDUOS PROCED. EXTRACCIÓN				RESIDUOS DERIVADOS DO PROCESO DE BENEF.				
		CAG		Fóra CAG		CAG		Fóra CAG	
	Data	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo
Entradas:									
Salidas:									
cómputo período		e2		f2		g2		h2	
Residuos non peligrosos inertes sólidos	RESIDUOS PROCED. EXTRACCIÓN				RESIDUOS DERIVADOS DO PROCESO DE BENEF.				
		CAG		Fóra CAG		CAG		Fóra CAG	
	Data	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo
Entradas:									
Salidas:									
cómputo período		i1		j1		k1		l1	
Residuos non peligrosos inertes non sólidos	RESIDUOS PROCED. EXTRACCIÓN				RESIDUOS DERIVADOS DO PROCESO DE BENEF.				
		CAG		Fóra CAG		CAG		Fóra CAG	
	Data	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo	Cant/Volume	Cómputo
Entradas:									
Salidas:									
cómputo período		i2		j2		k2		l2	

INSTRUCCIÓN

Presentarase unha autoliquidación que agrupará os datos correspondentes á base imponible correspondente dende o inicio do período impositivo ata a fin do período ao que se refire a autoliquidación.

PERÍODO E CARÁCTER

Neste bloque deberán consignarse os datos correspondentes ao período ao que corresponde a declaración, así como o carácter dela, de xeito que:

- a) No exercicio farase constar o ano natural ao que corresponden os datos incluídos na declaración.
- b) No período consignarase o período ao que corresponden os datos incluídos na declaración, consignando 1 cando se trate do pagamento a conta e consignando 2 cando se trate da autoliquidación anual.

Exemplo: do 1 ao 20 de setembro do ano 20XX terase que presentar a declaración correspondente ao primeiro semestre natural do ano, polo que en exercicio consignarase 20XX e en período, consignarase 1.

Se a autoliquidación fora unha complementaria doutra xa presentada, marcarase a casíña denominada COMPLEMENTARIA e consignarase o número da autoliquidación á que complementa.

SUXEITO PASIVO

Neste bloque deberán consignarse os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL, ENDEREZO FISCAL OU ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na Oficina Virtual Tributaria. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenú “Catálogo de servizos” da OVT.

REPRESENTANTE

No caso de actuar mediante representante, deberá consignarse os datos deste: NIF, APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL e ENDEREZO FISCAL.

IDENTIFICACIÓN

Neste bloque deberá consignarse a identificación da actividade suxeita ao imposto consignando a denominación da explotación ou instalación e o código asignado no Censo.

DECLARACIÓN BASE IMPOÑIBLE

Neste bloque deberá procederse á declaración da base imponible provisional xerada dende o inicio do período impositivo ata a fin do período ao que se refire a autoliquidación.

ALTERACIÓN DA SUPERFICIE (BI SUPERF.): consignarase o total da superficie alterada e non restaurada na data final do período ao que se refire a declaración, consignando na primeira liña o número total de hectáreas en número enteiro e na segunda liña a fracción de hectárea. Non formará parte da base imponible o total da superficie alterada e non restaurada a 31 de decembro de 2014. A casíña (1s) totalizará o número de hectáreas arredondando ao número enteiro inmediato superior. A casíña (1s) non poderá ser negativa.

Exemplo: a superficie alterada e non restaurada a 31/12/2014 dunha mina é 45'256 has. Durante o ano 2015 altéranse 5'4 has. e restáuranse 3'8. No ano 2016 altéranse 5'8 has. e restáuranse 20 has.

Por tanto, o número de hectáreas alteradas e non restauradas a 31/12/2015 serían: $45'256 + (5'4 - 3'8) = 45'256 + (1'6) = 46'856$, é dicir, 46 has. e 1 fracción de ha.

Agora ben, non formará parte da base imponible o total da superficie alterada e non restaurada a 31 de decembro de 2014, é dicir, 45'256 has. Doutro xeito, a casiña (1s) será o resultado de $5'4 - 3'8 = 1'6$. 1 ha y 1 fracción de ha.

Por tanto, no modelo 013 correspondente ao ano 2015 consignarase:

nº has.	1
fracción has.	1
casiña (1s)	2

O número de has. alteradas e non restauradas a 31/12/2016 será: $45'256 + (5'4 - 3'8) + (5'8 - 20) = 32'656$ has., é dicir, como non formará parte da base imponible o total da superficie alterada e non restaurada a 31 de decembro de 2014, é dicir, 45'256 has, a casiña (1s) no modelo 013 do ano 2016 será 0.

DEPÓSITO OU ALMACENAMENTO RESIDUOS MINEIROS (BI RES.): consignarase unha ficha por cada tipoloxía de residuo mineiro que se almacene ou deposite na instalación gravada. As tipoloxías de residuos son: residuos perigosos sólidos, residuos perigosos non sólidos, residuos non perigosos non inertes sólidos, residuos non perigosos non inertes non sólidos, residuos non perigosos inertes sólidos e residuos non perigosos inertes non sólidos.

En cada ficha consignarase, segundo os residuos procedan da extracción ou sexan derivados do proceso de beneficio e segundo teñan como orixe a Comunidade Autónoma de Galicia ou non:

- a) as existencias iniciais do período impositivo ao que se refira a declaración. A aplicación informática consignará como data o primeiro día do período impositivo e realizará o cómputo, tendo en conta que o período de permanencia será o número de días do período ao que se refire a declaración. A cifra que resulte en cada caso, arredondarase a seis decimais. O valor das existencias iniciais será 0 para o modelo correspondente ao ano 2015.
- b) as entradas dende o inicio do período impositivo ata a fin do período ao que se refire a declaración: consignarase a cantidade/volume e a data de entrada na instalación, almacén ou depósito. A aplicación informática realizará o cómputo, tendo en conta que o período de permanencia será o número de días do período ao que se refire a declaración dende a data de entrada, incluíndo esta. A cifra que resulte en cada caso, arredondarase a seis decimais.
- c) as saídas dende o inicio do período impositivo ata a fin do período ao que se refire a declaración: consignarase a cantidade/volume e a data de saída da instalación, almacén ou depósito. A aplicación informática realizará o cómputo, tendo en conta que o período de non permanencia será o número de días do período ao que se refire a declaración dende a data de saída, incluíndo esta. A cifra que resulte en cada caso, arredondarase a seis decimais.

Este bloque presentará resumidos segundo o cómputo realizado pola aplicación informática, os datos contidos no anexo da autoliquidación presentada.

LIQUIDACIÓN

Neste bloque deberá procederse á autoliquidación do importe da débeda tributaria que se deba ingresar en cada período consonte cos datos declarados.

Neste bloque practícarase o cálculo e a autoliquidación que correspondera ao período sinalado no apartado CARÁCTER da declaración e que será, no caso do período 1, a conta da débeda tributaria definitiva do ano natural ao que se refire a autoliquidación.

BI SUPERFICIE (1s): na casiña (1s) trasladarase o total consignado na casiña de igual nome do bloque anterior.

TIPO DE GRAVAME (2s): na casíña (2s) consignarase o tipo de gravame vixente no período impositivo aplicable ao suposto de alteración da superficie ou solo como consecuencia da extracción de minerais metálicos e metais preciosos.

COTA PREVIA SUPERFICIE (3s): na casíña (3s) consignarase o resultado de aplicar o tipo de gravame consignado na casíña (2s) pola base impoñible consignada na casíña (1s).

BI RESIDUOS EXTRACCIÓN (1r_e): nas casíñas (a), (b), (e), (f), (i) e (j) trasladarase o cómputo total calculado nas fichas dos residuos procedentes da extracción, segundo a súa tipoloxía e segundo procedan ou non da Comunidade Autónoma de Galicia.

BI RESIDUOS PROC. BENEF. (1r_b): nas casíñas (c), (d), (g), (h), (k) e (l) trasladarase o cómputo total calculado nas fichas dos residuos derivados do proceso de beneficio, segundo a súa tipoloxía e segundo procedan ou non da Comunidade Autónoma de Galicia.

TIPO DE GRAVAME (2r): consignaranse os tipos de gravame vixentes no período impositivo aplicables ao suposto de almacenamento de residuos, segundo a tipoloxía de residuo.

COEFICIENTE FÓRA CAG: consignarase na columna correspondente o coeficiente vixente no período impositivo aplicable aos residuos procedentes de fóra de Galicia.

COEFICIENTE Bº: consignarase na columna correspondente o coeficiente vixente no período impositivo aplicable aos residuos xerados no proceso de beneficio do mineral.

COTA PREVIA RE: consignarase nas columnas primeira e segunda (CAG e FÓRA CAG), o resultado de aplicar o tipo de gravame vixente á base impoñible, segundo a tipoloxía do residuo e segundo procedan ou non da Comunidade Autónoma de Galicia, e, de ser o caso, o coeficiente de fóra de Galicia e/ou o coeficiente de beneficio; na terceira columna (TOTAL) consignarase o resultado de sumar as cotas previas calculadas nas columnas anteriores correspondentes aos residuos procedentes da extracción procedentes da Comunidade Autónoma de Galicia e de fóra dela, segundo a súa tipoloxía;

COTA PREVIA RESIDUOS EXTRACCIÓN (3r_e): na casíña (3r_e) consignarase a suma total correspondente aos residuos procedentes da extracción.

COTA PREVIA RB: consignarase nas columnas primeira e segunda (CAG e FÓRA CAG), o resultado de aplicar o tipo de gravame vixente á base impoñible, segundo a tipoloxía do residuo e segundo procedan ou non da Comunidade Autónoma de Galicia, e, de ser o caso, o coeficiente de fóra de Galicia e/ou o coeficiente de beneficio; na terceira columna (TOTAL) consignarase o resultado de sumar as cotas previas calculadas nas columnas anteriores correspondentes aos residuos xerados no proceso de beneficio do mineral, segundo a súa tipoloxía;

COTA PREVIA RESIDUOS PROC. BENEF. (3r_b): na casíña (3r_b) consignarase a suma total correspondente aos residuos xerados no proceso de beneficio do mineral.

TOTAL COTA PREVIA (3r_t): consignarase o resultado de sumar (3s), (3r_e) e (3r_b).

Nº DÍAS PER. IMPOSIT./365 (3n): consignarase o resultado de dividir o número de días do período impositivo polo número de días do ano natural (365 ou 366, segundo proceda). A aplicación, aínda que non arredondará o resultado, mostrará como máximo os dous primeiros decimais.

TOTAL COTA (3): consignarase o resultado de multiplicar (3r_t) polo resultado da casíña (3n).

PARA DEDUCIR PAC AUTOLIQUIDADOS EJERCICIO (4): Esta liña deixarase en branco, en caso das autoliquidacións correspondentes ao período 1 de cada ano natural. No caso de que se tivera autoliquidado o pagamento a conta (PAC, en diante) da débeda tributaria do ano natural ao que se refire a autoliquidación, consignarase o

importe total correspondente á/s autoliquidación/s do ano natural presentada/s con anterioridade.

PAC A INGRESAR (5): Esta liña deixarase en branco, en caso das autoliquidacións correspondentes ao período 2 de cada ano natural. No resto delas, na casíña (5), trasladarase o importe positivo que correspondera ao resultado de minorar a cantidade consignada na casíña (3) no importe consignado na casíña (4). No caso de que o resultado fora negativo, consignarase cero.

COTA DIFERENCIAL (6): Esta liña só será cuberta en caso das autoliquidacións correspondentes ao período 2 de cada ano natural. No resto delas, deixarase en branco. Na casíña (6) trasladarase o importe que correspondera ao resultado de minorar a cantidade consignada na casíña (3) no importe consignado na casíña (4).

IMPORTE AUTOLIQUIDACIÓNS ANTERIORES (7): Esta liña só será cuberta no caso de que se tratara dunha autoliquidación complementaria. Neste caso, consignarase o importe que se tivera autoliquidado na autoliquidación á que se complementa.

TOTAL A INGRESAR/A DEVOLVER (8): na casíña (8) trasladarase, segundo corresponda, o importe positivo da casíña (5) ou o importe positivo ou negativo da casíña (6), minorado, de ser o caso, polo importe da casíña (7).

IMPORTE INGRESADO/A DEVOLVER (I): Na casíña (I) trasladarase o importe da casíña (8) se fora negativo. No caso de que o importe da casíña (8) fora positivo, na casíña (I) figurará o importe que se ingresara.

DEVOLUCIÓN

No caso de que o importe do recadro (8) fora unha cantidade a devolver derivada da normativa do imposto, o suxeito pasivo deberá:

- marcar o recadro da súa solicitude, consignar o importe cuxa devolución solicita e, consignar, empezando pola esquerda, os datos identificativos da conta (IBAN) da súa titularidade na que desexa recibir a devolución. No caso de contas en entidades financeiras españolas, o código IBAN estará composto por 24 díxitos, que deberán rehearse comezando pola esquerda.

- marcar o recadro polo que renuncia á devolución do importe a favor do Tesouro da Facenda Galega e consignar o importe correspondente. Neste caso, o importe que figurará no recadro (I) IMPORTE INGRESADO/A DEVOLVER será 0.

INGRESO. ANEXO DATOS PAGO

Unha vez calculado o total a ingresar, o obrigado tributario deberá seleccionar a/s forma/s de pago da débeda tributaria, de xeito que poderá:

- a) Pagar o importe total ou parcialmente
- b) Domiciliar o importe total ou parcialmente
- c) Aprazar ou fraccionar o importe total ou parcialmente
- d) Recoñecer débeda polo importe total ou pola parte non pagada, domiciliada e/ou aprazada ou fraccionada.

INGRESO TELEMÁTICO

No caso de ingreso total ou parcial da débeda tributaria, neste recadro figurará a entidade na que se realizou o ingreso, a data na que se efectuou, o NRC e o importe ingresado.

DOMICILIACIÓN

No caso de que se ordeara a domiciliación do total da débeda ou dunha parte dela, neste recadro figurará o número da operación, a entidade na que se domiciliou o

pago, o número IBAN e máis o NIF do titular da conta, o concepto, o importe e a data do cargo.

APRAZAMENTO/FRACCIONAMENTO

No caso de que se decidira aprazar ou fraccionar o total da débeda ou unha parte dela, neste recadro figurará o correspondente importe.

O obrigado tributario deberá ter en conta que indicando un importe neste recadro está comunicando á administración que vai presentar unha solicitude de aprazamento/fraccionamento da débeda tributaria. En ningún caso se entenderá presentada a solicitude de aprazamento/fraccionamento pola simple presentación da autoliquidación.

DÉBEDA RECOÑECIDA

Neste recadro figurará o importe que non se ingrese telematicamente, nin se domicilie nin se marque como aprazado ou fraccionado.

O importe deste recadro recoñécese como unha débeda derivada da autoliquidación presentada que non se fai efectiva. Transcorrido o prazo voluntario de pagamento da débeda sen facer efectivo o seu importe, esixirase pola vía de constrinximento, nas condicións establecidas na normativa tributaria

SELO

Neste bloque figurará o Código Seguro de Verificación (CSV) asignado pola Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Atriga. O CSV é un código alfanumérico que identifica de forma única o documento emitido pola OVT da Atriga. Este código permitiralle verificar a autenticidade e integridade do documento impreso en papel mediante o cotexo co documento electrónico orixinal no formulario do servizo de verificación da OVT da Atriga.

A declaración será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante.

ANEXO IV

Normas técnicas para a xeración do NRC

A entidade financeira xerará o NRC (Número de Referencia Completo) segundo o apartado B.2) do Anexo VII da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño de 2007 (BOE do 9 de xullo de 2007), correspondente á xeración de NRC para liquidacións practicadas pola administración, modelos 060, 061 e 069. O NRC xerarase a partir dun rexistro de 48 caracteres codificados en EBCDIC:

- MMMNNNNNNNNDC (14): Número de Xustificante, sendo
 - MMMNNNNNNNNND (13): Número de xustificante asignado pola Oficina Virtual Tributaria
 - C (1): Carácter de control calculado polo banco, utilizando o mesmo algoritmo especificado na citada orde. A Oficina Tributaria facilitará á Entidade Colaboradora o algoritmo para o cálculo deste carácter de control.
- XXXXXXXXXX (9): NIF do debedor
- NNNNNNNNNNNN (13): importe de cargo
- AAAAMMDD (8): data de cargo
- XXXX (4): Código de Banco de España da entidade

O Número de Referencia Completo (NRC) resultante terá 22 posicións:

- MMMNNNNNNNNDC (14): Número de Xustificante (o mesmo que o especificado enriba)
- XXXXXXXXX (8): Carácteres de control resultantes de aplicar unha función MAC 4 do algoritmo DES (segundo norma X9.9-1) aos datos anteriores (48 caracteres) utilizando a clave privada do banco. Esta función xerará 8 caracteres de control; é dicir, a "sinatura".